

**ACTA N.º 13/2015**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 24 DE NOVEMBRO**  
**DE 2015**

ORDE DO DÍA

- I.- *CUESTIÓN PREVIA*
- ELECCIÓN XERAIS DO 20-12-2015: SORTEO DE COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS
- II.- *PARTE RESOLUTIVA*
- II.1.- ACTA ANTERIOR
- II.2.- ACORDO RELATIVO Á APLICACIÓN DA LEI 19/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO
- II.3.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 126.850,63 €
- II.4.- DERROGACIÓN DA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL) OU, NO SEU DEFECTO, A DEVOLUCIÓN ÁS ENTIDADES LOCAIS DAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL
- III.- *CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO*
- III.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
- III.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBTXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015, E ESTIMACIÓN A DÍA 31-12-2015
- III.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015
- III.4.- RELACIÓN DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO 2.º E 3.º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015
- III.5.- ROGOS E PREGUNTAS

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

**Concelleiros/as:**

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D. Modesto Martínez Sienes
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

#### **Outros datos da sesión:**

- *Data:* Martes, 24 de novembro de 2015
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:00
- *Hora de remate:* 21:30
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

#### **Incidencias:**

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Ao inicio da sesión gardouse un minuto de silencio polas Mulleres vítimas da violencia de xénero, coincidindo con que mañá é o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

#### **I.- CUESTIÓN PREVIA**

#### **ELECCIÓN XERAIS DO 20-12-2015: SORTEO DE COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS**

Realízase o sorteo mediante a utilización do programa "*Conoce*" facilitado pola Oficina do Censo Electoral. A continuación o funcionario encargado do proceso informático, D. Manuel Fernández Comesaña, procede á lectura pública dos resultados. Unha copia impresa dos mesmos incorpórase ao expediente da sesión.

#### **II.- PARTE RESOLUTIVA**

## II.1.- ACTA ANTERIOR

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 29 de outubro de 2015.*

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, intervén:

*D. Antonio Fernández Comesaña (UCN):* No caso das mocións, cando son ditaminadas desfavorablemente na Comisión mantense o nome do propoñente, pero cando o ditame é favorable non se fai mención ao mesmo. Pide que conste que no Pleno pasado tamén partiron dunha moción súa os asuntos que figuran ditaminados favorablemente pola Comisión de Contas (puntos I.5, I.6 e I.7 da orde do día) e que así se faga constar tamén no futuro.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 29 de outubro de 2015 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

## II.2.- ACORDO RELATIVO Á APLICACIÓN DA LEI 19/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO

A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do 17 de novembro de 2015, formula ao Pleno a seguinte Proposta:

### INTRODUCCIÓN

A lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, indica na súa Disposición final novena, relativa a súa entrada en vigor, que os órganos das Entidades Locais dispoñerán dun prazo máximo de dous anos para adaptarse ás obrigacións contidas nesa Lei. Prazo que finaliza o día 9 de decembro de 2015.

Por outro lado no acordo relativo á transparencia aprobado polo pleno do Concello Nigrán aprobado o día 24 de setembro conclúese que era necesario determinar e interpretar como se van a cumprir, as diferentes normativas, dada a ambigüidade existente en determinados aspectos destas normas.

É por elo polo que propoñemos este acordo, que non toma a forma de ordenanza, para darlle mais flexibilidade.

### PROPOSTA DE ACORDO

#### 1. O Pleno de Nigrán insta ao Alcalde a:

**Primeiro.** En aplicación da lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicar a seguinte información prevista no Capítulo II "PUBLICIDADE ACTIVA" do Título I "TRANSPARENCIA DA ACTIVIDADE PÚBLICA", da forma que se indica a continuación:

a) Información institucional, organizativa e de planificación, prevista :

- Organigrama do Concello, con indicación dos teléfonos e correos electrónicos de contacto.
- Nome dos membros da corporación responsábeis de cada órgano, perfil e traxectoria profesional, así como correo electrónico de contacto. A traxectoria profesional será facilitada polo membro da corporación.
- Nome e responsabilidade do persoal eventual.
- Nome dos membros da corporación, perfil e traxectoria profesional, así como correo electrónico de contacto. A traxectoria profesional será facilitada polo membro da corporación.
- Os plans e programas anuais e plurianuais, no momento da súa aprobación.

b) Información de relevancia xurídica:

- As ordenanzas municipais, desde o momento da súa entrada en vigor.
- Os bandos da Alcaldía.
- Os regulamentos internos de funcionamento, desde a súa aprobación.
- Os anuncios de exposición pública que deban publicarse nun diario oficial ou ser expostos no taboleiro de anuncios, desde o momento en que son publicados ou expostos.
- O texto completo das ordenanzas, contas anuais, orzamentos, modificacións orzamentarias que teñan un período de información pública, desde o momento en que estean expostos ao público. Inclúiranse as memorias e informes que formen parte do expediente exposto no período de exposición pública.
- Os proxectos de obras públicas durante o período de exposición ao público.

c) Información económica, orzamentaria e estatística:

- A publicación das licitacións, adxudicacións, etc. farase no perfil do contratante, no momento da licitación, e da adxudicación.
- A publicación dos contratos negociados sen publicidade realizarase no momento da súa adxudicación.
- Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e os de Prescricións técnicas mantendránse publicados durante a vida do contrato.
- Trimestralmente publicarase, segundo o anexo II, un cadro resumo dos contratos menores, onde se indicarán en columnas o número de expediente, o obxecto, o número de empresas consultadas, o adxudicatario e o importe de adxudicación (IVE incluído).
- O texto integro de todos os convenios, na semana seguinte á súa sinatura. Estarán publicados durante a súa vixencia.
- O texto integro das encomendas de xestión realizadas, na semana seguinte á súa realización. Estarán publicados durante a súa vixencia.
- Anualmente, publicaranse datos estadísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público, segundo o anexo III.
- Os orzamentos completos publicaranse na semana seguinte a súa aprobación definitiva.
- Publicaranse as modificacións orzamentarias na semana seguinte a súa aprobación definitiva. Trimestralmente publicaranse o orzamento, incluíndo os créditos iniciais, as modificacións de crédito e os créditos definitivos. (Ver anexo "modificacións orzamentarias")
- As contas anuais publicaranse mediante un enlace ao portal de rendición de contas

do Consello de Contas. Como información complementaria a información a que se pode acceder desde ese portal, publicarse no Concello de Nigrán a seguinte información:

- Un resumo desagregado do estado de gastos por clasificación funcional.
- O estado de liquidación de gastos detallado de cada clasificación funcional detallado na clasificación económica a nivel de concepto. Todos aqueles gastos non identificables, como poden ser os gastos diversos que superen a cantidade de 1000 euros para unha clasificación funcional, serán desagregados a un nivel inferior.
- O informe económico-financeiro, prevista no artigo 168.a) do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no momento do seu envío ao Ministerio de Facenda.
- O informe técnico-económico, previsto no artigo 25 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no momento do seu envío ao Ministerio de Facenda.
- Anualmente no primeiro trimestre as retribucións e indemnizacións por asistencias a órganos colexiados de todos os membros da corporación e do persoal eventual.
- Anualmente as asignacións aos Grupos Políticos Municipais.
- As resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade que afecten aos empregados públicos así como as que autoricen o exercicio de actividade privada ao cese dos altos cargos da Administración Xeral do Estado ou asimilados segundo a normativa autonómica ou local, no momento de ditarse.
- As declaracións anuais de bens e actividades dos representantes locais, nos termos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, segundo o anexo V "Declaracións anuais de bens e actividades". Publicaranse anualmente, na semana seguinte a que sexan presentadas, e permanecerán publicadas un período mínimo dun ano.
- O custe efectivo de los servizos que presta o Concello de Nigrán, no momento de ser enviados ao ministerio de facenda.
- A relación dos bens inmobles que sexan da súa propiedade ou sobre os que ostenten algún dereito real.

d) Publicar a seguinte información medioambiental e urbanística.

- Os datos relativos á calidade dos recursos naturais e do medio ambiente urbano, que incluírán como mínimo a calidade da auga, tanto das fontes públicas, do servizo de abastecemento como as de ríos e mariñas.
- Os estudos de impacto ambiental, paisaxísticos e avaliacións do risco relativos a elementos medioambientais.
- O texto completo e a planimetría dos instrumentos de planeamento urbanístico e as súas modificacións. Esta publicación realizarase directamente polo concello ou mediante un enlace a unha páxina que os teña publicados.
- Os convenios urbanísticos.

e) Publicar a seguinte información relativas ao emprego e as actividades realizadas polo Concello

- A oferta de emprego público.
- Tódolos procesos de selección e provisión de postos de traballo, sexan funcionarios ou laborais, fixos ou temporais, con indicación expresa dos criterios de selección. Esta publicación realizarase antes de comezar o proceso de inscrición.
- Tódolos procesos de selección para becas, con indicación expresa dos criterios de

selección. Esta publicación realizarase antes de comezar o proceso de inscrición.  
 - Tódalas actividades que realiza o Concello, con indicación expresa dos criterios de selección, en caso de que o número de participantes sexa limitado. Esta publicación realizarase antes de comezar o proceso de inscrición. (Cursos de formación, actividades culturais, deportivas etc.)

**Segundo.** Publicar no prazo de tres meses desde a entrada en vigor da Lei 19/2013, de 9 de decembro, todos os plans e programas anuais, contratos, convenios, encomendas de xestión que continúen vixentes no momento da aprobación deste acordo.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Refírese á proposta da comisión, que foi ditaminada favorablemente. Pide que quede sobre a mesa para perfeccionar aspectos das materias da área económica, e sen prexuízo de que se aplique o que establece a lei.

**Votación da petición de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF).-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda que o asunto **quede sobre a Mesa.**

### **II.3.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 126.850,63 €**

A Comisión Informativa Especial de Contas, en sesión de data 18 de novembro de 2015, na que o Interventor formulou verbalmente reparos ao expediente, ditaminou favorablemente a proposta da Alcaldía que a seguir se transcribe. Con data 20-11-2015, o Interventor emitiu informe, rfa. T 188/15, no que consta a formulación de reparos suspensivos do procedemento.

Proposta ditaminada pola Comisión:

Vistas as 90 facturas por importe total de 126.850,63 euros, non contabilizadas nen pagadas e correspondentes a obrigas líquidas, vencidas e presuntamente esixibles para o Concello de Nigrán, ao contar con sinaturas de conformidade de diversos concelleiros, funcionarios e/ou persoal laboral do Concello de Nigrán, e/ou ao corresponder a improcedentes contratacións verbais de servizos ou subministrados, e ao non estar prescritas.

Visto o estado de execución do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015.

Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extrajudicial de diversos gastos coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como, no seu caso, a posibles quebramentos económicos a varios terceiros que teñen pendente de contabilización e de pago diversas

facturas correspondentes a obrigas non prescritas.

Coa finalidade de non afectar mais negativamente ao prazo de pago, ao período medio de pago de obrigas, así como á estabilidade orzamentaria.

Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno:

**Primeiro.-** Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral na sesión ordinaria da Comisión Especial de Contas celebrada o 18/11/2015, en aplicación do establecido no artigo 217.2.b da LRFL.

**Segundo.-** Declarar esixibles as obrigas indicadas nas 90 facturas incluídas na relación adxunta por importe total de 126.850,63 euros; aprobar as mesmas, e recoñecer extraxudicialmente os correspondentes gastos con cargo aos créditos orzamentarios retidos por importe de 78.278,93 euros en nove aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015, e con cargo aos 48.571,70 euros que resulten do preceptivo expediente de transferencias de crédito a aprobar, de inmediato, pola Alcaldía con posterioridade á aprobación polo Concello Pleno do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 126.850,63 euros.

#### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Trátase de facturas por traballos realizados. Hai reparos suspensivos da Intervención. O acordo suporá o seu levantamento.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Unha cantidade importante corresponde a honorarios de letrados, compensados, en certos casos, polas costas. Está baixando o número das facturas que se traen a recoñecer. Aínda así débese evitar isto. Nos reparos dise que os terceiros non deben sufrir os prexuízos. Esta sería a razón para levantalos.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Non é un procedemento axeitado o destas facturas. Ademais, non se deben pagar as que se refiren a traballos non correspondentes ao Concello; concretamente CESPA ten que limpar os sumidoiros, polo que senón corresponde a AQUALIA sería CESPA a que debería correr coa factura da limpeza de sumidoiros. Votarán en contra.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* É certo que non se deben admitir enriquecementos ilícitos para o Concello en prexuízo dos que facturaron, aínda que como di o informe da Intervención, os procedementos non foron correctos. Para parte dos gastos hai consignación neste orzamento. O resto debe dar lugar a unha modificación de crédito. Ven apoiado polos grupos maioritarios. Absterase. Alude ao informe da Intervención no que se cuestiona o sistema de selección dos letrados e refírese tamén aos demais reparos das facturas.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Este procedemento debería limitarse ás facturas recibidas despois de pechado o exercicio. Os demais casos non teñen xustificación. Deste xeito, pódese estar pagando a persoas que teñan débedas co Concello ao non estar ao corrente das súas obrigas tributarias. Noutros casos hai gastos illados de pequena contía que poderían agruparse nunha contratación xenérica do tipo de produtos correspondente. É certo que se reduciu moito a contía dos recoñecementos. Hai que seguir corrixindo o proceso.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Intentarán seguir na liña da redución deste tipo de facturas. Agradece

as recomendacións dos voceiros.

*Sr. García Pazos:* O nivel de Nigrán neste tipo de débedas é mellor que o de outros concellos. Aquí a redución foi drástica, pero é mellorable. No momento do pago aos provedores compénsanse as súas posibles débedas co Concello.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Somete o asunto á votación indicando que supón o levantamento de reparos polo enriquecemento inxusto do Concello e o prexuízo aos acredores.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 13; PSOE e PP.
- Votos en contra: 2; Nigrán Decide.
- Abstencións: 2; UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, co engadido de resolver os reparos formulados polo Interventor no seu Informe, atendendo a evitar o enriquecemento inxusto do Concello e o conseguinte prexuízo aos acredores.

#### **II.4.- DERROGACIÓN DA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL) OU, NO SEU DEFECTO, A DEVOLUCIÓN ÁS ENTIDADES LOCAIS DAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de novembro de 2015 dictamina favorablemente a seguinte moción presentada polo grupo socialista e modificada na propia Comisión Informativa:

##### "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local veu reformar a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, poñendo en xaque a base do municipalismo e o modelo que garantiu a cohesión social do noso país durante os últimos trinta anos.

A reforma exposta priva ás entidades locais das competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, así como en sanidade, consumo, igualdade, políticas activas de emprego, etc.

A nova Lei consagra unha visión exclusivamente economicista das funcións mesmas do Estado, e en especial das Entidades Locais, ao citar a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as Administracións públicas no canto de situar a atención ós cidadáns/as e a calidade na prestación de servizos no centro da reforma.

Por iso, os Grupos Parlamentarios Socialista, Esquerda Plural, Unión Progreso e Democracia, e Mixto (BNG, CC-NC-PNC e Compromís-Q) presentaron un recurso de inconstitucionalidade contra esta Lei. O mesmo fixeron algunhas Comunidades Autónomas. Igualmente, máis de 3.000 concellos de toda España, que representan a máis de 16 millóns



de cidadáns e cidadás, presentaron un conflito ante o Tribunal Constitucional en defensa da autonomía local constitucionalmente garantida. Tanto os recursos como o conflito presentados foron admitidos a trámite polo Tribunal Constitucional e están pendentes de tramitación e sentenza.

Un dos principais ataques ao municipalismo da LRSAL é un cambio profundo na organización do sistema público dos Servizos Sociais, que afecta a repartición e a relevancia da Administración Local no conxunto das actuacións do Estado, desposuíndoa de todas as súas facultades de acción neste ámbito, un dos máis importantes para construír unha comunidade, e onde é esencial a proximidade para a prestación dos servizos. Calcúlase que cando o 31 de decembro entre en vigor a previsión de cesión das competencias de servizos sociais municipais ás CCAA, máis de 8,5 millóns de cidadáns veranse afectados.

Desta maneira créase unha situación crítica para a continuidade do sistema público de Servizos Sociais en España que se foi construíndo desde os anos 80, sobre a base do marco constitucional, e dos Estatutos de Autonomía.

En desenrolo do marco constitucional foise consolidando o actual sistema público de Servizos Sociais, baseado na cooperación entre administracións e que permite a aplicación do Plan Concertado de Servizos Sociais.

Esta reforma creba a estrutura xa consolidada e limita extraordinariamente as funcións de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social dos consistorios á mera "avaliación e información de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social", desnaturalizando por completo o sistema actual.

Ademais, isto lévase a cabo nun momento en que as cifras de pobreza en España son cada día máis dramáticas. Na actualidade, 1 de cada 5 persoas viven no noso país por baixo do limiar de pobreza. 2,8 millóns de nenos, o 33,8 por cento da poboación menor de idade, están en risco de pobreza. A taxa de cobertura por desemprego baixou até deixar desatendidas á metade das persoas en paro, mentres que ter un traballo, xa non garante saír da pobreza en España.

Nun contexto como o actual, é necesario potenciar os servizos aos que a cidadanía recorre en primeiro lugar para obter información e atención social e laboral, pero paradoxalmente, o Goberno do PP, no seu afán de reducir a mínimos a protección social, consumou o desmantelamento da Rede Pública de Servizos Sociais de proximidade, con recortes orzamentarios (64% no Plan Concertado) que, ademais de deixar sen protección a miles de cidadáns en plena crise, supuxo a destrución de máis de 10.000 postos de traballo do sector público local.

Tamén se marxina aos cidadáns que viven no medio rural ao eliminar calquera servizo social dos pobos con menos de 20.000 veciños (incluso os servizos sociais de asistencia inmediata deixan de ser de carácter obrigatorio nos municipios pequenos) en aras dunha pretendida maior rendibilidade, e para traspasar ditas competencias directamente ás deputacións provinciais.

En definitiva a LRSAL suporá para millóns de persoas perder a atención social que reciben dos seus Concellos. Por iso, a Xunta de Goberno da FEMP pediu unha moratoria da súa entrada en vigor e a posterior derogación da mesma.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno Municipal de Nigrán a presente MOCIÓN, solicitando a adopción do seguinte **ACORDO**:

Dirixirse ó Goberno do Estado para:

a) Derrogar a lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

b) Mentres tanto, se comprometa a tramitar, de forma inmediata, unha modificación legislativa que devolva urxentemente ás Entidades Locais as competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, reafirmando a autonomía municipal constitucionalmente garantida, entendida como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade."

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Extracta a proposta, destacando os prexuízos derivados de afastar dos Concellos estes servizos básicos.

*D<sup>a</sup>. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* Comparten que o Concello sexa o titular destas competencias. Absterase porque non hai financiamento municipal garantido para este fin. Falta por desenvolver a lexislación que financie os servizos polas Comunidades Autónomas mentres a competencia segue nos concellos.

*D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide:* Trátase dunha lexislación anti municipalista. Non se pode permitir a exclusión social pola aplicación dunha lei inxusta.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* O Concello é a administración máis próxima. A clave está no financiamento. A competencia debe acompañarse dos recursos necesarios. A lei contén un calendario de entrada en vigor e a esta materia aféctalle a data do 31 de decembro. O pretender a modificación é oportuno. Votará a favor.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Xa se presentara unha moción contraria a esta lei na anterior lexislatura por parte do BNG. Non concorda cos obxectivos dela. Mantén a súa postura.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* A lei galega xa trata de remediar esta situación, pero está recorrida diante do Tribunal Constitucional.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión.

### III.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

#### III.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de outubro de 2015 e o 30 de outubro de 2015, ambos incluídos.

---

#### III.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015, E ESTIMACIÓN A DÍA 31-12-2015

Dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe da Intervención municipal, que a seguir se identifica:

- Rfa. T 183/15
- Data de emisión: 30-10-2015

-Epígrafe: Avaliación do grado de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do nivel de débeda viva no terceiro trimestre de 2015.

#### III.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015

Dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 3.º trimestre do 2015.

#### III.4.- RELACIÓN DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO 2.º E 3.º TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015

Dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal, sobre relación de órdenes de pago con reparos correspondentes ao 2.º e 3.º trimestre do exercicio 2015.

#### III.5.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

1.1. O contrato do estudo de demanda das instalacións e servizos deportivos no municipio de Nigrán tiña dous compoñentes, un primeiro que era a análise da necesidade, que unha vez feito, a Corporación tiña que, en base a este estudio, dicir que era o que consideraba necesario, e posteriormente a empresa tiña que facer un prego que dera satisfacción a poder establecer os servizos na zona deportiva, determinando cales tiñan que ser instalacións propias do Concello e cales podían ser por concesión administrativa. Rogo que despois da análise da demanda que cando se determine o que se vai facer que sexa por acordo ou debate de todos os grupos municipais.

1.2. Sr. Alcalde-Presidente: Responde a preguntas feitas por escrito polo Sr. García Pazos:

- As obras de asfaltado de Camiño das Laxes, cambio de material de cuberta do Centro Antena e acondicionamento de espazos públicos na esquina da rúa Mestra Emérita están en contratación e comenzarán antes de fin de ano.

- O pavillón está facéndose o proxecto. Non se van perder os cartos, porque o remanente do 2015 pasará a remanente de tesourería de 2016.

- O número de operarios que están na grúa municipal son dous, que son de Vías e obras. Son persoal contratado. Están cubertas as 24 horas con ese persoal. Retribución mensual 958 euros/mes aproximadamente. O tempo medio de resposta do servizo é inmediato.

1.3. ¿Para cando vai estar dispoñible o borrador do presuposto municipal 2016?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Canto antes.

1.4. ¿Vai ser un presuposto participativo como vostede prometeu?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Dentro das nosas máximas, que non imos incumprir, farase con participación e transparencia. Pasarémoslo aos grupos municipais en canto o teñamos.

1.5. ¿Vai presentalo a todas as asociacións veciñais como prometeu, para que poidan facer suxerencias?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa se están facendo.

*Sr. García Pazos:* O que se pediu de forma reiterada foi que cando houbera o borrador que o puideran analizar e facer suxerencias.

1.6. ¿É coñecedor de que un gran número de Concellos xa o presentaron este mes para poñelo en marcha en xaneiro?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A min preocúpame Nigrán.



*Sr. García Pazos:* Vostede vai prorrogar un presuposto do que renegou polo menos tres veces.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Intentaremos sacarlle o máximo partido e seguramente que teremos colaboración doutras administracións.

1.7. ¿Por que, intentando dicilo de forma educada, faltoume á verdade polo menos en dúas ocasións en relación á contratación do servizo de grúa municipal?. Rógolle que non me diga o que non é.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Tense cambiado o sistema da xestión do servizo municipal da grúa, pasouse dun sistema privado a un sistema público no que é persoal contratado polo Concello.

1.8. Solicito, como vostede é deputado provincial con mando, que nos entregue copia dos criterios técnicos utilizados para o reparto de fondos municipais en 2016 para os Concellos. É difícil entender como a maioría dos Concellos van percibir un 33% mais de fondos e ademais Vigo vai recibir un chorro de millóns de euros. As matemáticas non fallan e gustaríanos facer unha análise desas contas.

1.9. Ultimamente o Alcalde estase a olvidar de moitas cousas:

Olvidouse de dar resposta a un escrito de data 7 de xullo de 2015 no que se solicitaba que remitise ao noso grupo un listado semanal das entradas do Rexistro municipal. Olvidouse de enviárnolo a nós, pero ao grupo Nigrán Decide, como figuraba nunha das condicións que puñan para a investidura, si llo está enviando.

Olvidouse que na sesión plenaria de 30 de xullo de 2015 o noso grupo e o BNG solicitamos poder acceder desde os correos corporativos ás bases de decretos municipais para mera consulta e para que poidamos exercer a nosa actividade de fiscalización.

Olvidouse de levar en dúas ocasións á comisión de contas o reflectido no acordo plenario de setembro sobre a taxa do uso de duchas e lavapés.

Olvidouse de cumprir coa súa promesa feita na comisión de contas, de traer a este Pleno a debate a Ordenanza de ornato e convivencia, xa informada fai varios meses.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Con respecto aos criterios de reparto de fondos municipais da Deputación de Pontevedra, terá que solicitalos na Deputación.

## 2.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

2.1. Resposta do Sr. Alcalde a preguntas feitas por escrito polo Sr. Cuevas Raposo:

2.1.1. Sr. Alcalde-Presidente: O venres 20 de novembro ás 19 horas non había ningunha actividade organizada polo Concello de Nigrán nas pistas de tenis de Dunas

de Gaifar.

*Sr. Cuevas Raposo:* Ese día había sete persoas nunha pista. Onte mesmo había cinco persoas nunha pista. A ordenanza de prezos públicos polo uso das instalacións deportivas indica que non se autoriza o uso das pistas de tenis a máis de catro persoas simultaneamente, salvo nos cursos organizados polo Concello de Nigrán. Isto non se cumpre, pero é que non hai un control por parte do Concello do uso destas pistas. A gravidade non a vemos en que estean un día sete persoas ou estean cinco, senón que pode haber un prexuízo económico para o Concello. Pide ao Alcalde que exerza o control sobre esa concesión.

2.1.2. *Sr. Alcalde-Presidente:* Sobre o convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Nigrán e Ecovidrio, que ten sete cuestións, así como outras preguntas sobre ECOEMBES, pásallas ao departamento de enxeñería para que lle respondan porque son cuestións técnicas.

*Sr. Cuevas Raposo:* O fondo das preguntas é que se asinaron dous convenios polos cales o Concello debería estar recibindo diñeiro.

2.1.3. *Sr. Alcalde-Presidente:* En resposta á pregunta de que norma permite ao Concello ordenar a efectiva conexión á rede de saneamento, que poida facelo subsidiariamente á costa dos interesados ou que poida por multas coercitivas, trasladareilla aos servizos técnicos para responder.

*Sr. García Pazos:* Acaba de polo en marcha Pontevedra, se lle cobra a acometida aínda que non o faga, o que non se lle cobra é a obra civil. Despois cóbraselle a taxa periódica.

*Sr. Cuevas Raposo:* Estou preguntando se o Concello pode por multas coercitivas a unha persoa ata que se conecte ao saneamento fisicamente, entón pregunto que norma legal ampara iso.

2.2. ¿Están informadas polo equipo redactor as alegacións presentadas ao polígono de Chandebrito a e á área de recualificación?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Cando veñan a próxima vez preguntámoslle. Cando viñeron non o tiñan claro.

2.3. No último Pleno fixénlle unhas preguntas polo presunto cobro indebido de placas de vao, ¿pensa contestar os recursos?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Trasladaireillo aos servizos para que, se hai que contestalos, que se contesten.

2.4. Respecto á petición que fixen dos pasos de peóns elevados na rúa do Torreiro en Priegue me contestou que lle pasou a información á Deputación, rógole que se interese un

pouco.

2.5. Felicitarlle por convocar o Consello Sectorial.

2.6. Insisto en que o carril bici de Praia América segue no mesmo sitio.

3.- *D. Antonio Fernández Comesaña (UCN):*

3.1. Recoñecer e felicitar ao Alcalde e ao Concelleiro de obras por resolver con rapidez rogos que se fixeron polo noso grupo que recollían inquietudes veciñais. Algúns eles eran temas reiterados de fai bastante tempo, que contrasta con unha desidia existente no pasado. Cito a colocación de sinal no paso de peóns na rúa Tomás Mirambel en Panxón, colocación de banco de madeira no Paseo da Madorra en Panxón, colocación de reixiña de recollida de augas pluviais no Camiño do Rial na esquina con Camiño da Devesa en Panxón, colocación de banco de madeira ao lado da oficina de turismo nas pistas de tenis e o asentado de baldosas soltas na Rúa Vista o Mar en Praia América.

3.2. Existe unha petición de varios veciños que tivo entrada no Concello o 9 de abril de 2015, número de entrada 4.428. Veciños de Priegue, da Rúa do Lavadeiro, solicitaban o arranxo e a poder ser o asfaltado do camiño, incluso a colocación dalgún punto de iluminación. Polo citado camiño tamén discorre o camiño portugués pola costa, polo que sería máis necesaria esa conservación. Rogo que se proceda a avaliar a proposta veciñal.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O punto de luz xa estaba previsto colocalo; asfaltar o Camiño de Santiago vai ser máis complicado. Adecentarase.

3.3. En Camos, no Camiño do Sobral, existe un desprendemento de terras que pon en perigo a zona do cemiterio. Pide a reparación urxente para evitar danos maiores.

*Sr. Alcalde-Presidente:* É unha actuación bastante complicada, falámolo varias veces, fomos a velo e supón unha obra considerable que ao final nos vai tocar a nós arranxalo.

3.4. No polígono de Porto do Molle aínda están apilados algúns contedores rotos de recollida do lixo. Incluso está sendo utilizada a zona como depósito de restos de mobles, sofás, etc. Rogo a súa retirada ou reubicación no entorno da ETAP ou na EDAR mentres non se atopa unha solución definitiva.

3.5. ¿Pasou a Xunta algunha liquidación correspondente ao billete de transporte

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non teño os datos, pero si que pasaron. Remitíremolo a todos os grupos.

3.6. Soubemos polos medios de comunicación duns feitos un tanto insólitos promovidos pola Policía Local, chegando ata a bloqueos na peaxe da autopista a raíz dunha controversia suscitada na aplicación da lei 37/2015. Ao parecer estaban fora de servizo e regresaban dun curso impartido na Escola de Seguridade da Estrada. Hai moitos interrogantes neste episodio

que cando menos merecerían algunha aclaración, tales como se se utilizou o coche patrulla para ir ao curso, quen deu autorización; se estaban os axentes de servizo; se é certo que o coche patrulla circulaba dunha forma camuflada ao non estar rotulado; se estaban debidamente autorizados para asistir ao curso; se era un curso específico para a súa función; cantos axentes estaban matriculados no curso; se se reintegran normalmente estes gastos de desprazamento cando se asiste a cursos; se é unha práctica habitual acudir a cursos en vehículo oficial; canto custou a defensa xurídica pola denuncia presentada, etc. Creo que debería convocar a xunta de portavoces.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Daremos resposta a cada unha delas e convocaremos a xunta de portavoces para explicar o sucedido.

**4.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:**

4.1. ¿Ten coñecemento o goberno municipal da situación xerada no colexio Humberto Juanes, no que non poden por a calefacción?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa empezaron coa obra. Había un problema coa acometida de gas, faltaba un aval para a licencia e que a empresa aportara todos os datos para facer a obra. Hoxe están facendo o único que queda, a conexión do gas. Faltaba a licencia.

4.2. ¿Cando poderán utilizar a calefacción?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non estou preparado para contestar, pero segundo dixeron, nesta semana.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.